

O Concello de Outeiro de Rei convoca o CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL para 2016 .

O Concurso desenvolverase de acordo ás seguintes bases:

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar todos os escolares de primaria segundo as seguintes categorías:

CATEGORÍA II: de 1º a 3º de primaria

CATEGORÍA III: de 4º a 6º de primaria

2.- TEMA

O tema da tarxeta terá que estar relacionado co Nadal e valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos nenos concursantes.

3.- FORMATO

O formato da tarxeta será de 15 x 21 cm. (medio folio) e poderá realizarse tanto en sentido horizontal como vertical.

O soporte material será papel ou cartolina fina. A técnica será libre e poderán empregarse todas as cores.

4.- PRESENTACIÓN

Presentarase ata dúas tarxetas por persoa. A tarxeta irá acompañada dunha folla cos datos persoais

As tarxetas entregaranse nas oficinas municipais da Casa da Cultura de Outeiro de Rei ou á conserxe do Colexio ata o día 25 de novembro de 2016.

5.- PREMIOS

Establécense os seguintes premios por categoría:

1º premio: agasallo e un lote de libros

2º premio: agasallo e un lote de libros

3º premio: agasallo e un lote de libros

Entre as tarxetas premiadas o Concello seleccionará a de maior puntuación para empregala como felicitación de Nadal.

6.- XURADO

O xurado estará composto por un presidente (Concelleira de Cultura ou persoa na que delegue) e dous vogais do Concello actuando como secretario o vogal que sexa nomeado pola Concelleira.

7.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a aceptación das bases, que estarán dispoñibles na Casa da Cultura ou na páxina web do Concello.

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

Outeiro de Rei, 4 de novembro de 2016

O alcalde

José Pardo Lombao

De acordo coa L.O. 15/1999 (BOE nº 298 14 de decembro de 1999) de protección de datos persoais informámoslle que os seus datos persoais serán incorporados aos ficheiros do Concello coa única finalidade de xestionar as actividades culturais do Concello. Asemade informamos que no caso de resultar gañador do concurso os seus datos así como a súa imaxe poderán aparecer publicados na web municipal ou revistas. Agás que manifeste o contrario entendemos que autoriza dita cesión de datos así como a realización de fotografías.